

Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/ás titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN201G).

A importancia das actividades artesanais en Galicia reside non só nun plano social ou cultural, co que se adoitan identificar, senón que constitúen actividades con gran capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista moi longa de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás exixentes demandas do mercado actual.

A innovación, o deseño e a calidade son as bazas coas que conta a artesanía para sobrevivir e facerse forte nun contexto de globalización e elevada competitividade. A estes tres factores vincúlase o compromiso da Xunta de Galicia co colectivo artesanal galego, consciente de que o sector debe actuar como un factor de desenvolvemento, de creación de postos de traballo, de asentamento poboacional e xeración de identidade. O obxectivo é facer da artesanía unha actividade de futuro, coa que se poida implicar a mocidade que desexe dedicarse a un dos nosos oficios.

Cómpre, polo tanto, proceder á instrumentación da concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para os obradoiros co obxecto de modernizar as súas estruturas produtivas, reformar, remodelar ou crear novos obradoiros e introducir as novas tecnoloxías, potenciar a formación especializada e a incorporación de novos traballadores, así como fomentar a divulgación dos produtos e a participación dos artesáns en certames profesionais como expositores.

En relación co exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Innovación e Industria en materia de artesanía, no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Innovación e Industria para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego e que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2009. (Procedemento administrativo IN201G).

3. O gasto que se proxecta tramitarse como expediente anticipado e está condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do

exercicio 2009, en trámite parlamentario, de acordo co disposto no punto 3º *in fine*, da Orde do 27 de novembro de 2000, pola que se modifica a Orde do 11 de febreiro de 1998, sobre transmisión anticipada de gasto.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario/a das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5º das bases reguladoras.

2. Os formularios de solicitude de axuda regulados nesta orde deberanse ser obtidos, cubertos, validados e impresos necesariamente polo solicitante a través da aplicación informática Axudas virtual (procedemento IN201G) establecida na Oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://www.conselleriaiei.org>. Tamén se pode acceder desde o enderezo <http://www.xunta.es/presentacion-electronica> da Xunta de Galicia facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN201G.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos/as solicitantes.

Poderanse cubrir e obter os formularios ata 24 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse ás delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria a través dos teléfonos e enderezos de correo electrónico e fax que figuran no artigo 4, que adoptarán as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

Os anexos desta convocatoria publícanse no DOG exclusivamente para efectos informativos, sendo necesario empregar a aplicación informática indicada para a obtención dos formularios de solicitude.

A presentación de solicitudes farase por vía escrita (en soporte papel) ou en formato electrónico ante o rexistro telemático da Xunta de Galicia, logo de obtención e formalización dos formularios de acordo co previsto neste artigo.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG ata o día 18 de marzo de 2009, ambos inclusive, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria.

As solicitudes en formato papel, presentaranse preferentemente no rexistro da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que, neste último caso, se teña suscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante, Lei 30/1992).

As solicitudes tamén poderán presentarse en formato electrónico, en vez de en papel, ante o rexistro telemático da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do/a representante legal do solicitante ou persoa que o/a representa e cando non sexa preciso achegar ningunha documentación en papel, téndose que cumprir os seguintes requisitos:

O presentador deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Os prestadores recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, izenpe, CATCert (Axencia Catalá de Certificación), ANF AC, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), Ancert (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre), Firmaprofesional e *Banesto CA*.

Xunto cos formularios de solicitude, deberá anexarse en formato electrónico a documentación a que se fai referencia no artigo 5º das bases reguladoras. Para isto, no proceso de formalización telemática permitirase anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios. No caso de presentación telemática, unha vez asinados co certificado dixital do presentador os formularios normalizados, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no Rexistro de Entrada, e nese momento expedirase, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación.

3. A través do formulario proporciónanse á Consellería de Innovación e Industria datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para ese efecto procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguranza técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que se deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, non obstante, a Consellería de Innovación e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercitarse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: edificios administrativos San Caetano -San Caetano s/n- 15704 Santiago

de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado ao efecto e que poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 3º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a 6 meses.

Artigo 4º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN201G, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Comercio e nas delegacións provinciais, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (www.conselleriaiei.org), no seu punto de axudas e na oficial virtual.

b) Os teléfonos das delegacións provinciais: A Coruña: 981 18 49 17, Lugo: 982 29 49 38, Ourense: 988 38 67 12, Pontevedra: 986 80 52 26.

c) Os correos electrónicos: A Coruña: beatriz.seisdedos.sanchez@xunta.es; Lugo: majose.cortina.darriba@xunta.es; Ourense: ana.isabel.perez.souto@xunta.es; Pontevedra: inpontevedra@xunta.es.

d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Consellería de Innovación e Industria que é o 012.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase á directora xeral de Comercio para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2008.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o fomento e desenvolvemento do sector artesanal na Comunidade Autónoma de Galicia, a través do apoio aos obradoiros artesanais.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder dos límites cuantitativos de 200.000 euros nun período de tres anos establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro de 2006).

Artigo 2º.-*Actuacións e gastos subvencionables.*

1. Descrición das actuacións e gastos subvencionables.

En concreto, considéranse actuacións subvencionables as desenvolvidas por obradoiros artesanais que a continuación se especifican:

a) Obras en locais produtivos.

Obras de nova construción, reforma, rehabilitación, acondicionamento de locais produtivos, que deberán cumprir cos requisitos exixidos legalmente en cada caso. Nos obradoiros instalados no interior de inmobles destinados a usos diferentes dos propios da actividade artesanal, só se subvencionarán as obras realizadas no interior dos obradoiros.

b) Proxectos de innovación no proceso produtivo.

Adquisición, en réxime de propiedade, de equipos propios das características da actividade artesanal, que deberán ser en todo caso de primeiro uso.

-Maquinaria, ferramentas e equipo auxiliar, que serán de fabricación externa cualificada.

-Equipos para procesos de informatización, cun máximo dunha unidade por entidade solicitante, e instalacións de deseño asistido por ordenador.

c) Divulgación e promoción de produtos artesanais:

-Deseño de imaxes corporativas, logotipos, realización de catálogos ou outro tipo de soporte publicitario, incluídos rótulos e vallas publicitarias, en papel, magnéticos, ou CD/DVD, a edición de material impreso, audiovisual, sobre produción artesanal, especificamente concibidos e dirixidos ao fomento da actividade e á potenciación dos produtos artesanais.

-Gastos de deseño, creación e contratación de dominio para páxina web do obradoiro.

-Deseño de envases e embalaxes de produtos artesanais.

d) Participación como expositor con caseta propia en feiras de carácter profesional.

-Gastos que ocasionen os espazos que se contratan, aluguer ou construción das casetas e transporte do material, montaxe e desmontaxe das casetas, seguros, enerxía eléctrica, vixilancia. Contratación de persoal de atención ao público, de intérpretes, gastos de desprazamento e aloxamento de ata dúas persoas, así como de publicidade e publicacións relacionadas con esta participación.

-Adquisición de elementos ou mobiliario básicos que formen parte do deseño dun expositor para a súa utilización exclusiva en feiras profesionais.

e) Gastos de inscrición en programas formativos de especialización profesional que teñan relación coa súa actividade, cun máximo de dous asistentes por obradoiro. As actividades de formación non poderán ter unha duración superior a 100 horas, e cun máximo de dúas accións formativas por participante.

f) Accións encamiñadas á incorporación do deseño ás novas liñas de produto, mediante a colaboración con axentes externos profesionais que desenvolvan a dita actividade a título principal:

-Gastos externos derivados da realización de proxectos de deseño de produto, recolléndose os honorarios dos consultores de deseño, así como os custos relativos aos materiais necesarios para plasmar en prototipos os deseños froito da colaboración.

g) A contratación en prácticas, por parte de obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, de traballadores/as desempregados/as inscritos/as no momento da contratación no Servizo Público de Emprego, que non tivesen relación laboral coa empresa a través dun contrato de igual modalidade.

Os contratos en prácticas deberán cumprir as exixencias e formalidades que establece o artigo 11 do Estatuto dos traballadores e as normas regulamentarias de desenvolvemento. As axudas previstas neste punto serán de aplicación aos contratos en prácticas que se realicen desde o 1 de xaneiro ao 13 de outubro de 2009.

Para que os ditos contratos poidan ser obxecto de subvención deberán concertarse a xornada completa, por unha duración inicial non inferior a doce meses e non poderán supoñer a sucesión de traballadores/as en prácticas para ocupar o mesmo posto de traballo.

h) Alta na Seguridade Social de novos artesanais. Consideraranse as novas altas na Seguridade Social daqueles artesanais vinculados aos obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia que inicien a súa actividade no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2009.

2. Consideracións xerais sobre os gastos subvencionables.

Con carácter xeral e, de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante Lei 9/2007), considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubitable, respondan á natureza da actividade subvencionable.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro de 2009 e a data límite de xustificación establecida no artigo 17 destas bases reguladoras. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, opera-

tivos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

3. Actuacións e gastos non subvencionables.

Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación desta orde as actuacións seguintes:

a) Investimentos destinados a locais para usos non produtivos, comerciais, formación, entre outros.

b) Investimentos realizados en zonas exteriores ou de acceso.

c) As aplicacións informáticas de xestión.

d) Os gastos en publicidade en medios escritos, radio ou televisión, os investimentos en calquera tipo de formularios ou materiais de uso administrativo e os gastos de impresión e reimpresión de envases e embalaxes de produtos artesanais.

e) Os gastos non vinculados coas ideas de deseño obxecto do proxecto en desenvolvemento, así como os proxectos nos que non se acredite a existencia de colaboración cun equipo especializado de deseño, entendéndose por tal aquel que desenvolva a súa actividade a título principal.

f) Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grado inclusive do empresario ou dos que desempeñen cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como os que se produzan con estes últimos.

g) Os impostos recuperables ou repercutibles polo beneficiario e os investimentos realizados con fórmulas de arrendamento financeiro.

h) Aquelas actuacións que non estean directamente vinculadas coa realización da actuación subvencionable.

De conformidade co establecido no artigo 9 destas bases constituirase, con carácter xeral e para todas as tipoloxías de axudas enumeradas anteriormente, unha comisión de avaliación das solicitudes de axudas presentadas, que poderá determinar a exclusión dos investimentos subvencionables daquelas actuacións ou elementos que se consideren reiterativos doutros acometidos e subvencionados en exercicios anteriores.

Artigo 3º.-Financiamento e concorrencia.

1. Para a concesión das subvencións destinarase o crédito correspondente á aplicación orzamentaria 10.05.741-F.770.0 Apoio ao sector artesanal, destinándose para o seu financiamento un importe de 820.000 euros.

Este importe entenderase sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 10º.

Aplicación orzamentaria

10.05.741-F.770.0

Ano 2009

820.000 euros

2. As porcentaxes máximas subvencionables dos investimentos obxecto das axudas son as que a continuación se indican e, con carácter xeral, ata o 60 por 100 do investimento subvencionable alí onde non estea establecido un límite porcentual de subvención, cun máximo de 30.000 euros por entidade para a suma de todas as tipoloxías de axudas concedidas.

a) Para os investimentos considerados no artigo 2.1º.d), a contía máxima de subvención será de 3.000 euros por entidade participante. Así mesmo, cando o obxecto de subvención se refira á adquisición de elementos ou mobiliario básicos que formen parte do deseño dun expositor para a súa utilización en feiras profesionais, a contía máxima de subvención será de 3.000 euros por entidade solicitante.

b) Para os investimentos considerados no artigo 2.1º.e), a contía máxima de subvención non excederá de 900 euros por acción formativa, cantidades que non serán computables para os efectos do 60% que se fixa neste artigo.

c) Para os investimentos considerados no artigo 2.1º.g), a contía que se vai percibir polo concepto de contratación en prácticas poderá alcanzar a cantidade de 3.600 euros por traballador.

d) Para os investimentos considerados no artigo 2.1º.h), a contía que se vai percibir polo concepto de alta na Seguridade Social de novos artesáns será dun máximo de 120 euros por cada unha das mensualidades satisfeitas á Seguridade Social, que poderán abranguer desde xaneiro a decembro de 2009, ambos inclusive.

3. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima de investimento subvencionable que legalmente se estableza.

4. As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería para o mesmo proxecto.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os titulares de obradoiros artesanais, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, e comunidades de bens que cumpran os seguintes requisitos:

-Estar establecidos/as na Comunidade Autónoma galega.

-Figurar o obradoiro artesanal inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. No caso da creación de novos obradoiros, terán de prazo ata o 15 de setembro de 2009 para solicitar a dita inscrición, acreditando este requisito mediante copia da solici-

tude de inscrición no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Non poderán acadar a condición de beneficiario aqueles solicitantes nos cales concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007.

Artigo 5º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria.

2. Xunto coas solicitudes conformes co modelo normalizado do anexo II, deberá xuntar a seguinte documentación, por duplicado exemplar, en orixinal ou copia compulsada, polo menos unha delas. Non serán admitidas a trámite aquelas solicitudes nas que non figuren formalizados os campos obrigatorios, sen prexuízo do disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

a) Memoria explicativa que conterá antecedentes da entidade solicitante, descrición das actividades profesionais realizadas, con mención expresa do proceso de produción artesanal, volume de produción e facturación, descrición detallada dos investimentos por unidade de actuación e efectos esperados.

b) Orzamento desagregado do investimento e, nos casos en que proceda, presentarse: copia do proxecto elaborado pola empresa ou particular que o realice; factura pro forma ou contrato de maquinaria ou bens que se pretenden adquirir ou das actuacións que se deban realizar elaborada pola empresa subministradora. En calquera dos casos, o proxecto, o contrato ou a factura pro forma dirixiranse ao solicitante da axuda e contarán coa sinatura e DNI/NIE ou CIF/NIF do autor do orzamento. Para estes efectos achegarse cuberto o anexo III.

Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas polo solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto.

Segundo o artigo 29.3º da Lei 9/2007, cando o importe do gasto subvencionable (sen IVE) supere a contía de 12.000 euros, o solicitante deberá obter e achegar, xunto coa solicitude, copia de, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:

b.1. Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os que se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados polo solicitante, con independencia da contía dos investimentos. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas polo solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto.

b.2. De ser o caso, por superarse a contía de 12.000 euros, copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionadas polo solicitante para a realización do proxecto.

b.3. De ser o caso, por superarse a contía de 12.000 euros, memoria económica xustificativa da elección dos provedores, nos seguintes casos:

-Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que, como mínimo, obtivo o solicitante.

-Cando, polas especiais características dos gastos subvencionables, non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

-Cando o gasto se realizase con anterioridade á solicitude de subvención, feito que se acreditará nesta memoria xustificativa mediante factura co seu correspondente pagamento.

Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo o solicitante.

As ofertas presentadas e os provedores elixidos supoñen unha documentación vinculante para o desenvolvemento do proxecto no caso de ser beneficiario da axuda. Non se considerarán subvencionables, parcial ou totalmente, aqueles investimentos dos que non se presente documentación económica completa conforme o aquí recollido.

c) No caso de realización de obras, memoria valorada, asinada por técnico competente, con detalle a nivel de capítulo das actuacións que se pretenden executar. Nas obras cuxo importe supere os 18.000 euros, a presentación da devandita memoria poderá ser substituída por un proxecto técnico visado que deberá ser presentado, necesariamente, na fase de xustificación da subvención.

d) NIF/CIF da entidade solicitante. No caso de persoa xurídica, documentación acreditativa da súa constitución.

e) Incluírse, segundo o anexo IV, declaración expresa de cantas axudas se solicitasen ou obtivesen para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como declaración do solicitante de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Documento público acreditativo do poder co que actúa o representante da entidade solicitante, e fotocopia do seu DNI/NIE.

Alternativamente, de acordo co disposto no artigo 2.2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, a persoa representante poderá dar o seu consentimento para que o órgano instrutor comprobe os seus datos de carácter persoal, unha vez estea dispoñible o meca-

nismo, por medio de conexión telemática co servizo horizontal de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administracións Públicas. Para estes efectos, poderá cubrir a declaración que figura no modelo normalizado de solicitude.

No caso de non prestar o seu consentimento, deberá presentarse o documento mencionado ao final do primeiro parágrafo.

g) No caso de acollerse ás axudas á contratación, memoria na que se recolla unha definición precisa dos postos de traballo e o compromiso de contratación dos traballadores. Presentarase a memoria, coa previsión de alta na Seguridade Social, relación de traballadores que se van contratar, se é o caso, e documento acreditativo da súa inscrición como demandantes de emprego.

h) Para a actuación recollida no punto h) do artigo 2º.1 desta orde, escrito que recolla a previsión ou data de alta na Seguridade Social dos artesáns vinculados cos obradoiros artesáns inscritos no rexistro xeral de Artesanía de Galicia que comezan a súa actividade no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2009.

i) Certificacións expedidas polos organismos competentes acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda, no caso de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

Como caso xeral, estas certificacións non teñen que achegarse, xa que a solicitude da axuda leva consigo a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir os organismos citados no parágrafo anterior.

Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse o dito documento sen compulsar.

No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo órgano xestor, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

j) De ser o caso, documentación acreditativa da exención do imposto sobre o valor engadido (IVE).

k) Certificación acreditativa de estar dado de alta no IAE. No caso de obradoiros que se constitúan ao longo do ano 2009, o requisito de alta no IAE deberá acreditarse con anterioridade á presentación da xustificación do investimento.

l) Declaración de compromiso de utilización da lingua galega segundo o modelo normalizado do anexo VI, se é o caso.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Comercio poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos para a valoración técnica dos proxectos.

Artigo 6º.-*Consentimento e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención polo/a interesado/a comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar o consentimento, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitude, debendo presentar entón as certificacións a que fai referencia este punto.

2. De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, non será necesario presentar a documentación xurídico-administrativa que xa se atope en poder desta consellería, sempre que se mantenga vixente e se identifique nos formularios de solicitude o ano de presentación e o código de procedemento administrativo para o que foi presentada.

No suposto de imposibilidade material de obter a documentación conforme o punto anterior ou se se constatase a súa invalidez, o órgano competente poderá requirir ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Igualmente, de conformidade co mesmo artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa consta no poder da consellería, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a esa documentación.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenio e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web coas salvidades previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Comercio será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondéndolle ao conselleiro de Innovación e Industria ditar a resolución de concesión. Ora ben, cando a competencia estea desconcentrada nos/as delegados/as provinciais desta consellería, o órgano instrutor será a secretaría da respectiva delegación provincial.

Artigo 8º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5.2º h) resulta que o solicitante non se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social ou no suposto de que sexa necesario achegar documentación, logo de aplicarse o disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao solicitante que xunte cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarias para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas efectuadas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesarias serán remitidos á comisión encargada da súa avaliación, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas desta.

Artigo 9º.-*Comisión de avaliación.*

1. A comisión de avaliación será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados. Constituirase unha comisión de avaliación en cada delegación provincial.

A composición da comisión de avaliación será a seguinte:

a) Presidente/a. O secretario/a da delegación provincial.

b) Vogais. Dous funcionarios/as nomeados/as polo/a delegado/a, que poderán exercer tamén a secretaría da comisión.

c) Secretario/a. Un funcionario/a da delegación provincial.

2. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de forma individualizada os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indícarase o importe da subvención para cada un deles ata esgotar o crédito dispoñible.

3. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidos ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

4. A comisión de avaliación, con carácter xeral, para todas as actuacións presentadas, poderá establecer límites máximos de investimento subvencionable naqueles conceptos en que xustificadamente se estime necesario, segundo criterios de máxima eficiencia na asignación de recursos.

Artigo 10º.-*Criterios de avaliación.*

As actuacións que se presenten deberán ser técnicas, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

1. Capacidade de xerar actividade económica na empresa: de 15 a 20 puntos:

a) Creación de novas unidades produtivas: 20 puntos.

b) Contribución á potenciación e creación de postos de traballo nos obradoiros artesanais: 15 puntos.

2. Mellora da divulgación e promoción das producións artesanais, así como da comercialización mediante o acceso aos novos mercados e o desenvolvemento de novos produtos: de 10 a 15 puntos:

a) Participación en feiras profesionais e outros eventos expositivos de carácter nacional e/ou internacional: 15 puntos.

b) Desenvolvemento de iniciativas de innovación, de calidade e de incorporación do deseño ao sector artesanal: 10 puntos.

3. Pertenza a algunha asociación profesional ou sectorial que favoreza a comercialización: 10 puntos.

4. Exercer algunha das seguintes actividades artesanais tradicionais: tecidos en baixo lizo, produción de zocos e zocas, tonelaría, sellaría, albardaría, olaría, forxa, follalataría, caldeiraría, afiado, cestaría, labores de palla e carpintaría de ribeira: 10 puntos.

5. Que o solicitante sexa artesán mozo, ata os 35 anos inclusive, ou muller: 5 puntos.

6. Compromiso de utilización da lingua galega en todas as actuacións e nos elementos que proceda das actividades subvencionables. Este compromiso acreditarase mediante a presentación, debidamente asinada, do modelo que se inclúe como anexo VI: 5 puntos.

7. Solicitude presentada correctamente, sen que sexa necesaria a súa rectificación nin petición de documentación complementaria: 2 puntos.

Artigo 11º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos/ás interesados/as para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite ao que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 12º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de avaliación formulará a proposta de resolución que se elevará a través do órgano instrutor ao conselleiro ou, se é o caso, ao delegado/a provincial, conforme o establecido no Decreto 88/1990, do 15 de febreiro, sobre desconcentración de competencias para a concesión de axudas e subvencións nos delegados provinciais ou territoriais da Xunta de Galicia.

2. O conselleiro ou, se é o caso, o delegado provincial, á vista da proposta de resolución, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe de axuda concedida e a contía desta e, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que se vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións notificaranse de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Innovación e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 13º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Innovación e Industria, ou, no seu caso, perante o delegado/a provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Artigo 14º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, o obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión das subvencións poderá acordar a modificación da resolución por instancia do/a beneficiario/a debendo cumprir os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade desta orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de concorrer na concesión inicial, non supuxeran a denegación da axuda ou subvención.

3. O/A beneficiario/a deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida ao órgano concedente, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior, cun límite de 20 días hábiles antes da data

de finalización do prazo de xustificación do investimento.

4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Innovación e Industria ou, se é o caso, polo delegado provincial logo da instrución do correspondente expediente, no que se lle dará audiencia ao/a interesado/a no termos previstos no artigo 10º.

Artigo 15º.-Aceptación e renuncia.

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o/a interesado/a comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo V, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución no termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 16º.-Obrigas dos interesados.

Os/as beneficiarios/as das axudas quedan obrigados a:

a) Para o caso da creación dun obradoiro artesanal, darse de alta no imposto de actividades económicas (IAE) que ampara a actividade correspondente, e solicitar con anterioridade ao 15 de setembro de 2009, inclusive, ante a Dirección Xeral de Comercio, a inscrición na sección segunda do rexistro xeral de Artesanía de Galicia.

b) No caso de acollerse ás axudas á contratación, o mantemento dos postos de traballo creados por un período mínimo dun ano. Os obradoiros que se beneficien destas axudas, co fin de garantir o mantemento dos postos de traballo creados, deberán presentar dentro do primeiro e último trimestre do ano 2010, unha relación da variación das altas e baixas do persoal adscrito, así como o correspondente TC2.

No suposto de extinción da relación laboral do/a traballador/a polo que se concedese subvención, a cobertura do posto por un novo/a traballador/a, que deberá reunir os mesmos requisitos que o traballador/a substituído/a, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria á Consellería de Innovación e Industria, dentro dos 10 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda. Esta obriga manterase durante un ano desde a data de realización do contrato obxecto de subvención.

c) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

d) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

e) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

f) Comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, especificando aquelas axudas obtidas por mínimos, para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo a que fai referencia o artigo 1º.2 das presentes bases. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

g) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

h) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

j) Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3º do artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. As entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren con respecto ao proxecto subvencionado, o cofinanciamento dos seus activos pola Xun-

ta de Galicia a través da Consellería de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Comercio.

k) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da dita lei.

l) No caso de que as xestións de comprobación de atoparse ao día nas obrigas tributarias e sociais desen como resultado que o solicitante ou o beneficiario teña débedas dalgún tipo das recollidas nel, requirirase ao solicitante ou beneficiario que regularice a súa situación e presente por si mesmo o/s correspondente/s certificado/s de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias e/ou sociais.

m) Manter o investimento subvencionado durante un período mínimo de cinco anos desde a súa concesión.

Artigo 17º.-Xustificación da subvención.

1. Para cobrar a subvención, o beneficiario presentará na respectiva delegación provincial ou nos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria, ou a través dalgunha das formas contempladas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención, tendo de prazo ata o 18 de outubro de 2009, inclusive.

Esta documentación xustificativa, sen prexuízo do establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, presentarase por duplicado exemplar (orixinal ou copia compulsada e unha copia), e constará dos seguintes documentos:

a) Memoria na que se describa a realización do investimento, na que deberán quedar descritos e identificados os bens adquiridos ou servizos prestados, e os datos e incidencias máis significativos habidos na súa execución.

b) Unha relación clasificada da actividade para a que se solicita a axuda, desagregada por epígrafes e dos gastos e investimentos, segundo anexo III.

c) No caso de realización de obras, proxecto técnico visado cando o investimento supere o importe de 18.000 euros, e noutro caso, memoria técnica definitiva, documentos que non poderán variar substancialmente a memoria presentada coa solicitude, todo isto salvo que a devandita documentación se achegase con anterioridade.

d) Xustificantes dos investimentos, facturas dos provedores e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa nos termos que se establezan regulamentariamente (importe sen IVE e importe total), en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto. Acompañarase relación nominativa de facturas agrupadas e ordenadas por actuacións subvencionables, facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pagamento

(especificándose, se é o caso, o tipo de cambio aplicado).

A xustificación dos pagamentos acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

e) Para todas aquelas actuacións intanxibles, tales como catálogos, soportes publicitarios, estudos ou proxectos, entregarase, ademais, un exemplar destes, facendo constar na súa publicidade o cofinanciamento dos seus activos pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Comercio.

f) A xustificación para efectos de asistencia a feiras ou programas formativos farase efectiva mediante a certificación expresa de participación no certame no período prefixado, emitida pola institución ou entidade organizadora, así como da factura xustificativa da contratación do espazo da feira, tendo que presentar igualmente a documentación mencionada no parágrafo anterior.

g) Para as actuacións acollidas aos puntos g) ou h) do artigo 2º das bases reguladoras desta orde, presentarase copia dos contratos e dos boletíns de cotización e relación nominal de traballadores da Tesouraría da Seguridade Social. Para aqueles proxectos acollidos ao punto h) desta orde de axudas, o/a beneficiario/a achegará os correspondentes recibos das cotas satisfeitas á Seguridade Social. Para o resto das mensualidades recollidas na resolución de concesión de axudas e correspondentes sempre ao ano 2009, o/a beneficiario/a presentará compromiso de mantemento do período de cotización, debendo ademais presentar durante o primeiro trimestre do ano 2010, e perante a Consellería de Innovación e Industria, a xustificación de pagamento das mensualidades non xustificadas.

h) Declaración de axudas obtidas e solicitadas para o mesmo investimento en calquera outra Administración, organismos ou entes públicos ou privados. No caso de ser beneficiario/a dalgunha axuda ou subvención para a mesma actuación, deberá achegarse a documentación necesaria para a súa valoración para os efectos da súa concorrencia coa axuda outorgada.

i) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento da subvención, na que conste: código de banco, código de sucursal, díxitos de control e número de conta corrente.

j) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

k) Calquera outro documento que se requira na resolución particular de concesión da axuda.

l) No caso de que, tras realizar a Consellería de Innovación e Industria de oficio, a consulta telemática para solicitar as certificacións de atoparse ao día nas obrigas tributarias e sociais que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, dese como resultado que o/a beneficiario/a teña débedas dalgún tipo das mencionadas, requirirase este para que regularice a súa situación e presente por si mesmo o/s correspondente/s certificado/s de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias e/ou sociais. A devandita consulta telemática realízase con anterioridade á tramitación da proposta de pagamento das axudas, se é o caso, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18º.-*Pagamento.*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. O importe anual das axudas aboarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira, ao número de conta designado polo beneficiario.

3. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificativo é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución da concesión, sempre que estea garantida a consecución do obxecto. No caso de concorrer con outras axudas, aplicarase o establecido no artigo 3º.3.

Artigo 19º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcial-

mente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución á que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro que se axustará ao previsto no título II Do reintegro de subvencións da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións regulamentadas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da devandita Lei 9/2007.

Artigo 20º.-*Control.*

1. A Consellería de Innovación e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 21º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 22º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non disposto nestas bases haberá que aterse ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto lexislativo 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao disposto na Lei 9/2007, e no resto de normativa que resulte de aplicación.



ANEXO II

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS AOS TITULARES DE OBRADOIROS ARTESANAIS PARA ACTUACIÓNS DE FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DO SECTOR ARTESANAL GALEGO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN201G	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	----------------------------------	-------------------------

DATOS DO/ DA SOLICITANTE

NOME		CIF/NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO	ACTIVIDADE SEGUNDO INSCRICIÓN NO REGISTRO DE ARTESANÍA DE GALICIA		
Nº CARTA DE ARTESÁN/A	Nº INSCRICIÓN OBRADOIRO	ANO DE CONSTITUCIÓN	Nº TRABALLADORES DO OBRADOIRO

E. na súa representación legal.

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	DNI/NIE
-----------	-----------	------	---------

EXPÓN

Que considerando que reúne os requisitos exixidos segundo se mostra na memoia-programa e demais documentos que se xuntan, e con expresa aceptación de todos os termos expresados na orde correspondente, solicita unha subvención para as actuacións que a continuación se relacionan:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: _____

ORZAMENTO TOTAL: _____

SUBVENCIÓN SOLICITADA (euros): _____ PORCENTAXE % _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (1 ORIXINAL OU FOTOCOPIA COMPULSADA E COPIA SIMPLE) ¹

- MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DAS ACTIVIDADES PROFESIONAIS REALIZADAS. VER ARTIGO 5.2.a)
- ORZAMENTO DESAGREGADO. PROXECTOS. FACTURAS PRO FORMA OU CONTRATOS CORRESPONDENTES ÁS ACTUACIÓNS. VER ARTIGO 5.2.b) (ANEXO III)
- NO CASO DE OBRAS, MEMORIA VALORADA, ASINADA POR TÉCNICO COMPETENTE, CON DETALLE DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN REALIZAR. SE O IMPORTE DAS OBRAS É SUPERIOR A 18.000 €, PÓDESE SUBSTITUIR A MEMORIA POLO PROXECTO TÉCNICO VISADO.
- NIF/CIF DA ENTIDADE SOLICITANTE. NO CASO DE PERSOA XURÍDICA, DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA SÚA CONSTITUCIÓN.
- DOCUMENTO PÚBLICO ACREDITATIVO DO PODER CON QUE ACTÚA O REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE E FOTOCOPIA DO SEU DNI/NIE.
- NO CASO DE ACOLLERSE ÁS AXUDAS DE CONTRATACIÓN, DOCUMENTACIÓN SEGUNDO ARTIGO 5.2.g)
- CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DÉBEDA NINGUNHA COA XUNTA DE GALICIA
- NO CASO DE ACOLLERSE ÁS AXUDAS POR ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL DE NOVOS ARTESÁNS. DOCUMENTACIÓN SEGUNDO O ARTIGO 5.2.h)
- DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS E DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 10 DA LEI DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA (ANEXO IV).
- SE É O CASO, DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO SEU DEREITO A DESFRUTAR DA EXENCIÓN DO IVE .
- CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE ESTAR DADO DE ALTA NO IAE. VER ARTIGO 5.2.i)

Autorizo á Dirección Xeral de Comercio a:

- Consultar os meus datos persoais a través dos sistemas de verificación de datos de identidade (artigo 2º.2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos) SI NON
- Obter de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social: SI NON
- De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, publique as axudas concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, así como as sancións impostas, na forma en que determine o órgano competente SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos/as titulares de obradoiros artesanais para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009. (Código de procedemento IN201G).

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data _____ de _____ de 2009

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

¹ Se algunha desta documentación xa figura en poder da Administración para outro procedemento, indicárase o/os procedemento/s e o seu código correspondente

ANEXO IV

DECLARACIÓN DE SUBVENCIONES OU OUTRAS AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DA SOLICITUDE E DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓN PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO RECOLLIDAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIONS DE GALICIA.

D/Dña. con DNI/NIE en calidade de
 comparece como titular ou en representación do obradoiro artesanal
 con CIF/NIF

DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

- Non ter solicitadas outras axudas para o proxecto obxecto da solicitude.
- Ter solicitadas axudas e subvencións dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto da solicitude.

Convocatoria (1)	Organismo	Código expediente (2)	S/C/P (3)	Data	Importe
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

- (1) Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a que se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.
- (2) De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.
- (3) Indicar a situación actual da axuda: S (Solicitada). C (Concedida). P (Pagada)

Así mesmo, comprométome a comunicarlle á Dirección Xeral de Comercio calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade a esta declaración e, en todo caso, antes do cobramento da/s axuda(s) correspondente (s) a esta solicitude.

Igualmente, declárase que o solicitante non está incursado en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E, para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

ANEXO V

MODELO DE RENUNCIA

D/Dña. [] con DNI/NIE núm. [] que actúa en nome e representación da entidade [], que ten o seu enderezo en []

MANIFESTA:

Que o día [] recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do [], pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos titulares de obradorios artesáns para actuacións de fomento e desenvolvemento do sector artesanal galego, e se procede a súa convocatoria, con código de procedemento IN201G, para o proxecto [] por unha cotía de []

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da empresa)

ANEXO VI

DECLARACIÓN – COMPROMISO PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 10º DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS AOS TITULARES DE OBRADOIROS ARTESÁNS PARA ACTUACIÓN DE FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DO SECTOR ARTESANAL GALEGO, E SE PROCEDE A SÚA CONVOCATORIA

D/Dña. [] con DNI/NIE [] en calidade de [] comparece en representación de [] con CIF []

DECLARO:

O compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o/a interesado/a manteña coa Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, así como de uso e posterior utilización da lingua galega nas accións subvencionables.

E, para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.: